

“ANDANDO A TERRA” OU A CONSTRUCCIÓN DUN ESPAZO SIMBÓLICO

Carme Fernández Pérez-Sanjulián
Universidade da Coruña

Resumo: Os artigos de Manuel María publicados entre 1977 e 1989 na sección “Andando a Terra” do xornal *A Nosa Terra*, sob o pseudónimo de Manuel Hortas Vilanova, son utilizados neste traballo como microcosmos onde observar determinados núcleos temáticos que, a modo de columna vertebral, organizan o conxunto do discurso do seu autor. A análise detense especialmente no conxunto de artigos centrados na construción dun discurso autorreferencial nacionalista; neles revísanse as estratexias a través das cales o autor delimita tanto o espazo, como o núcleo simbólico da nación, aquí practicamente sinónimo de grupo letrado. Sublíñase a relevancia deste procedemento, non só como elemento lexitimador do nacionalismo, senón tamén como creador de referentes imprescindíbeis nun país negado, necesitado de conformar a súa propia narración nacional.

Abstract: This paper explores the discursive microcosms created by Manuel María in his ‘Andando a Terra’ (Walking the Land) column series (1977-1989), published pseudonymously in *A Nosa Terra* under the pen name of Manuel Hortas Vilanova. The articles are linked by a set of recurring themes which frame and organise the author’s ideology of Galicia and the nation. The study focuses in particular on Manuel María’s self-referential nationalist discourse and the strategies used to define the space and symbolic heart of the Galician nation as embodied in its intelligentsia. The analysis shows the importance of this native intellectual elite as a way of legitimating nationalist aspirations in Galicia and providing the country with leaders and role models capable of reversing the denial of its national identity and constructing a national narrative of its own.

Palabras chave: Manuel María, “Andando a Terra”, xornalismo cultural, nacionalismo galego, grupo letrado, construción nacional.

Key words: Manuel María, ‘Andando a Terra’ (Walking the Land), cultural journalism, Galician nationalism, intelligentsia, nation-building.

1. MANUEL MARÍA, XORNALISTA CULTURAL

“Andando a terra” foi o título da sección que Manuel María, sob o pseudónimo de Manuel Hortas Vilanova, mantivo no xornal *A Nosa Terra*, desde a súa refundación no ano 1977 até 1989. Alí, no primeiro xornal nacionalista e monolingüe en galego que aparece despois da guerra, o autor chairego vai ir publicando unha serie de case trescentos artigos que, pola súa singularidade e interese, constitúen unha referencia obrigada á hora de estudarmos a produción deste autor e, sobre todo, conforman un magnífico exemplo de xornalismo cultural da segunda metade do século XX.

O propio Manuel María presenta así a sección nunha entrevista realizada en 1990 por Xosé Manuel del Caño:

“Andando a terra” é unha sección moi aberta, que firmo cos nomes que me gustaría ter: M. Hortas Vilanova. Manuel é o meu nome, Hortas é o alcume da familia de meu pai, e Vilanova, o da casa de miña nai. “Andando a terra” son unha serie de artigos, de impresións moi subxectivas e moi discutibles, sobre o que vexo e o que sinto. Trato de escribir coma quen fala, co mínimo peso literario (Caño 2016: 119).

Non deixa de ser chamativa esta última afirmación do autor (a autovaloración da súa sección como un conxunto de impresións, elaboradas case sen “peso literario”) e que contrasta coa percepción xeral, compartida por público e crítica, de estarmos ante unha serie de textos solidamente trabados. Para alén diso, resulta evidente que, na altura en que fai aquelas declaracións, o escritor era plenamente consciente tanto da eficacia, como da repercusión que tiveran aqueles artigos, o que nos leva a considerar que no seu discurso funciona máis a expresión retórica dunha sorte de “*captatio benevolentiae*” que unha valoración real do carácter dos mesmos.

De feito, este conxunto de artigos foi posto en valor, desde ben cedo, desde perspectivas diversas. Xa en 1995, o xornalista Alfonso Eiré, tras cuestionar aquel aserto, afirmaba que a sección constitúe, xustamente, unha das obras literarias cumio de Manuel María “comparábel pola súa calidade cos milllores artigos xornalísticos de García Márquez” (Eiré 1995: 27). Esta rotunda valoración de quen foi director do semanario na súa derradeira época ten moito a ver co impacto que a serie exerceu sobre o público lector do xornal nacionalista, e non só, pois, segundo afirma,

[a] súa sección “Andando a terra” convertiuse na crónica do país, recuperando a memoria histórica facéndoa actual através da contemporaneidade dos homes

e da terra, através da ollada sempre certa do escritor que é capaz de pintar en cincuenta liñas todo un anaco, tan inesquecible como duradouro da nosa nación (Eiré 1995: 27).

Esta profunda pegada ten sido sinalada tamén por moitas outras voces que, desde ópticas diversas, ao revisaren o papel dos textos publicados n’*A Nosa Terra*, subliñaron tanto a súa eficacia comunicativa (Ledo 2009: 125-127), como o seu valor didáctico, evidente no que tiña a ver coa difusión de coñecemento¹ mais non tanto no relativo á importancia que estes artigos cumpriron no campo da estruturación de relacións e redes, labores ambos fundamentais no contexto da produción daqueles textos (Blanco 2009: 66-70).

Por outra parte, o feito de que o propio título da sección fose abundantamente parafraseado en publicacións que se centraban no relato de percursos de diferente tipo realizados a través da Galiza e que, de facto, se convertese nunha expresión consolidada cando nos referimos a viaxes polo territorio², axuda a dar a medida da influencia que estes textos exerceron no contexto cultural galego do último terzo do século XX.

Efectivamente, como xa teñen posto en evidencia moitas voces críticas (Gómez 2001; Ledo 2009; Mato 2009, entre outros), resulta innegábel o peso da obra xornalística no conxunto da produción de Manuel María xa que este foi un xénero que cultivou de modo sistemático, desde os inicios da súa carreira literaria en 1949 até os seus últimos días. Esta intensa colaboración na prensa periódica discorre en paralelo coa construción do discurso convencionalmente definido como literario do escritor, de modo que ao longo destes textos asistimos á presentación dunha grande parte do universo temático, referencial ou de intereses do autor chairego³. Concibidos, aliás, para seren lidos por un público menos restrito que o da obra poética, por exemplo, os seus artigos achegan claves de singular interese para a interpretación global do discurso de Manuel María.

A longa traxectoria do autor chairego como xornalista cultural pódese ir seguindo a través das súas colaboracións, tanto en medios galegos, como en

1 Segundo Margarita Ledo: “A información, entendida como necesidade cultural, política e cidadá, como substantiva e non como adxectiva, fará que Manuel a insira en todo tipo de textos –da creación á divulgación– e que elabore un refinado núcleo de mensaxes breves que vai contribuíndo a fixar na conciencia xeral, no lector” (2009: 125).

2 Nalgúns casos en obras dedicadas ao propio autor chairego, como o disco *Andando a Terra: Uxía canta a Manuel María* ou López 2005, mais non só. Lémbrese o programa da Radio Galega de Begoña Caamaño *Andando a terra: Viaxes por países dos que non oímos falar con frecuencia*.

3 Algo que tamén constata Miguel Mato: “En Manuel María hai coincidencia cronolóxica e temática entre poesía, peza teatral e artigo. Este paralelismo está non só nos temas, senón nas referencias, nas liñas dominantes, no estilo moi poético do artigo, nas evocazóns” (2009: 136).

publicacións de fóra do país, onde vai colaborar con relativa periodicidade⁴. En ocasións, sobre todo no período 1950-1970, estes espazos van servir para a publicación de parte da súa obra de creación, nuns casos para evitar as restricións editoriais ligadas á censura franquista (moito máis estritas para a edición de libros), noutros, para evitar algunhas limitacións e/ou condicionantes internos do propio sistema literario da altura⁵.

Así, ao longo de toda a segunda metade do século XX, a sinatura de Manuel María aparece de modo habitual en xornais como *El Progreso*, *La Noche*, *La Región*, *El Pueblo Gallego*, *El Ideal Gallego*, *La Voz de Galicia*, *Faro de Vigo* ou, moi especialmente, en *El Correo Gallego*, onde inicia unha colaboración regular no ano 1989. Tamén en revistas de todo tipo, desde as de ampla difusión (como *Vida Gallega*), ás de carácter cultural e/ou literarias ou, mesmo, a outras ligadas ao ámbito escolar, local e, sobre todo, ao movemento cultural asociativo, co que sempre colaborou activamente.

Mención á parte, como xa dixemos, merecen as súas colaboracións co semanario *A Nosa Terra*. Foi neste medio onde, para alén dos múltiples artigos asinados por el propio e aparecidos en diversas seccións do xornal, mantivo durante dez anos, a sección “Andando a terra”, un conxunto de 283 colaboracións que constitúen unha referencia obrigada na produción literaria de Manuel María.

Os artigos desta sección presentan un trazo que a dota de singularidade en relación coas outras series de textos xornalísticos do autor chairego e que é a de apareceren asinados baixo unha diferente voz enunciadora, a de Manuel Hortas Vilanova. Este vai ser, pois, o nome asociado a un narrador que, desde a primeira persoa, vai ir trasladando as experiencias, reflexións ou comentarios resultantes das súas viaxes a través, fundamentalmente, da Galiza. Un narrador que, segundo Pilar García Negro e Miguel Mato Fondo, pode ser definido como un “curioso viaxeiro que establece un diálogo permanente entre dous interlocutores: un, terra, paisaxes, mitos, lendas, memorias, símbolos nacionais, isto é, a cultura no sentido máis cabal do termo; o outro, o propio escritor que a vive e a interpreta” (Hortas 1990: 8)⁶.

4 Pódense citar *Correo de Galicia*, *Lugo e Galicia* (Buenos Aires), *Lar* (Caracas), *Vieiros* (México), *Destino* (Barcelona), *Signo*, *Poesía española* ou *El urogallo* (Madrid), *Irmadade* (Xenebra, Suíza) ou os portugueses *O Comércio de Porto*, *Jornal de Noticias Colóquio/Letras*, *Céltica*, *Quatro Ventos*, *Vértice* (Porto), entre outros. Unha información exhaustiva sobre a bibliografía xornalística pode acharse en Gómez 2003: 205-253.

5 Manuel María sinalou en múltiples ocasións como algúns dos seus orixinais foran sistematicamente rexeitados pola editorial Galaxia (véxase Caño 2016: 53-57 ou Queixas 2016: 115-117); así, as publicacións periódicas foron unha canle habitual para dar ao prelo textos, de todo tipo, moito antes de apareceren editados en libro.

6 Nesta escolma preparada por M.^a Pilar García Negro e Miguel Mato Fondo aparecen recollidos oitenta e seis artigos. A respecto da mesma, Manuel María comenta: “Eu faríaa doutra maneira. Aí están ben

Na entrevista xa citada de Xosé Manuel del Caño, Manuel María describe así o contido daquela sección de *A Nosa Terra*:

Aí están a maior parte das terras que andei, a maior parte dos personaxes populares que coñecín, os libros que me impresionaron e as curiosidades que me chamaron a atención. Eu Galicia percorrín practicamente enteira. Dende hai moitos anos andei polos institutos, pola Universidade, polos grupos escolares, pola maior parte das asociacións culturais e tamén fixen moitos pregóns de festas. Nestas viaxes, sobre todo antes que ía en tren ou en autos de liña, procuraba ver as vilas, andar polos cafés, falar cos veciños, e sempre daba con xente sorprendente e pintoresca. Tamén me interesaba a paisaxe e os monumentos que me chamaban a atención (Caño 2016: 89).

Ao tempo, se repararmos nalgúns textos escritos na mesma época dos artigos, tórnase evidente a xa comentada relación entre discurso xornalístico e discurso poético. Así, no poema que abre *Versos do lume e o vagalume* (1982) lemos:

Aínda teño a esperanza de poder
percorrer unha por unha
todas as parroquias de Galiza,
lugares e casais,
andar porta por porta,
dialogar persoa a persoa
face a face,
pois non hai tarefa máis urxente,
fermosa, nidia e necesaria.
Gastarei o meu corpo nos camiños
ata ser po, seixo e silveira.
A miña voz, de tan usada, será
o levísimo eco dun rumor:
só fundamento da semente
que apenas poderá rozar
a intimidade choída dos galegos,

representados os artigos puramente literarios, os que tratan de Galicia e os das viaxes ao estranxeiro. Falta, sobre todo, a serie que dediquei aos tipos pintorescos de Ourense, Celanova, Monforte, Outeiro de Rei e Lugo. Isto non ten moita importancia, porque se o libro funciona, pódese facer unha nova escolma” (Caño 2016: 133).

Recentemente foi editada outra antoloxía de artigos xornalísticos do autor chairego (Manuel María 2015), neste caso ao coidado de Xosé M. Pérez Álvarez e Fran Rei García, onde se recompilan cincuenta e seis artigos escollidos entre os editados nas páxinas d’*A Nosa Terra* e *El Correo Gallego* entre 1978 e 2004.

estraña tribo incompreñsível
feita de tebra, vento e cantería
(Manuel María 2001: 29).

Paisaxe, xentes, libros, monumentos, espazos públicos de relación... aparecen citados unha e outra vez como os aspectos que concentran a atención do autor Manuel María. Imos revisar a seguir cales son que os que concitan a atención de Manuel Hortas Vilanova.

2. MANUEL HORTAS VILANOVA: A DELIMITACIÓN DOS CONTORNOS SIMBÓLICOS DA NACIÓN

Ao longo das case trescentas entregas que compoñen a serie “Andando a terra”, é Manuel Hortas Vilanova quen nos fala, quen se vai ocupar de ir comentado asuntos de historia, literatura, etnografía, arquitectura, antropoloxía galegas, cun certo ton didáctico, ás veces, atravesado pola ironía (“este servidor, que é curioso de moitas cousas e especialista en ningunha”; “este servidor, no seu pouco saber e entender”). Manuel Hortas, que se define a si mesmo como “cronista”, resulta ser un home culto e dono de saberes dispaes que se presenta, desde o inicio, como un galego (“galego de terra adentro, como é este barbas que escribe”) coñecedor e amante da súa terra, os seus costumes e as súas xentes, para alén de viaxeiro impenitente por outras xeografías (“Nas nosas viaxes pola tribu, polo país e polo mundo tivemos a regalía de coñecer a moita xente singular”) que gosta de comparar sempre coa Galiza. Intimamente mesturado con todos os temas anteriores, aparece o seu compromiso político (“Servidor é un galego de a pé, quérese decir do común, que exerce a súa galeguidade dende que ten uso de razón”, “Desde que comezaron a inzar a nosa nación de encoros eléctricos...”) pois Manuel Hortas Vilanova, segundo se deduce dos seus textos, defínese como un nacionalista galego que entende que o (re)coñecemento da realidade galega é un paso previo, e imprescindible, para calquera proxecto colectivo que teña a Galiza como centro do seu ideario.

A creación deste heterónimo (Manuel Hortas Vilanova), cos patronímicos familiares e próximos do autor real⁷, resulta ser un eficaz instrumento para representar unha autoconstrución ficcional que, embora próxima en ocasións á biografía real

7 “No mesmo corazón de Outeiro de Rei está en chantada a «Casa de Hortas»: velaquí algo así como o centro do mundo para Manuel María, «o meu reino». [...] Espazo fundamental, punto de partida para adentrarse nun percorrido pola obra do escritor” (López 2005: 7). A casa non só é dedicataria dun libro enteiro (*Sonetos á casa de Hortas*) senón que tamén ten unha forte presenza noutros poemarios. *Ritual para unha tribo capital de concello* ábrese cos seguintes versos: “Ti sabes, Outeiro, que eu son Hortas / E recoñécesme por teu, aínda que /Non me ames e me trates como alleo” (Manuel María 2016: 29).

do autor (referencias á familia, amizades e actividades na realidade protagonizadas por el), funciona, sobre todo, como vehículo para proxectar un discurso dirixido á consolidación de conciencia identitaria entre o seu público lector. Esta consolidación da idea de grupo realízase, nun primeiro nivel, a partir da complicidade que a voz autorial establece con ese “nós, galegos” que aparece repetidamente nos artigos e que busca situar nun mesmo plano emisor e público lector. A seguir, nun segundo nivel, a idea de grupo asenta na delimitación implícita dun proxecto político colectivo co que, desde a voz autorial, e a través do relato dos lugares visitados, das xentes coñecidas ou das reflexións que en relación con todo isto formula o narrador (con todo o que isto supón de establecemento de redes pois, se ben estas semellan ser só amicais, serven para establecer ligazóns que son tamén culturais e políticas), se aspira conseguir a implicación do público receptor. Neste sentido, resultan moi ilustrativas as palabras de Alfonso Blanco recollidas por Mercedes Queixas:

Manuel María partillaba todo o que vivía e sentía, sobre todo a súa entrega ao país, converténdonos ao seu paso en cidadáns nobres, así facía de cada viaxe un percorrido polas súas vivencias. Coñecía toda Galiza, parroquia a parroquia, e ía contaxiándote coa súa emoción, lembrando eventos, personaxes, o patrimonio, os toliños, a cultura oral..., de cada recanto. Calquera rota era unha lección de historia, remarcando os sinais que axudaban naquela hora a medrar en orgullo patriótico (Queixas 2016: 132).

Por outra parte, no que atinxe a estreita relación entre literatura e formulación dun discurso identitario, non podemos deixar de constatar a evidente conexión entre a produción xornalística de Manuel María e a do seu admirado Ramón Otero Pedrayo, a quen cita en numerosos artigos (“Don Ramón”) e con quen mantivo sempre unha estreita relación persoal⁸.

Na nosa opinión, o xornalismo cultural de Manuel María bebe, en parte, destas fontes para, desde o súa particular visión do mundo, construír o discurso, á vez didáctico e lírico, ilustrado ou militantemente político, que define os artigos asinados por Manuel Hortas Vilanova: un discurso complexo que, como o de Otero Pedrayo, está orientado á afirmación de Galiza como nación, mais que agora, a partir da incorporación doutras lecturas e experiencias, vai deixar translucir unha ollada que bebe do materialismo marxista e dos discursos anticoloniais mais que, sobre todo, aparece formulada desde unha posición que se reivindica como popular.

8 Sobre este aspecto, véxase Fernández 2016: 53-54.

Con este punto de partida imos facer un percurso analítico a través dos temas fundamentais que Manuel Hortas-Manuel María desenvolve ao longo dos artigos da sección “Andando a Terra” e que, ao noso xuízo, poderían ser agrupados arredor de catro representacións axiais.

2.1. A (RE)PRESENTACIÓN DO TERRITORIO

A representación da terra e a descrición da paisaxe configúranse como elementos fundamentais no marco deste discurso de corte identitario; discurso que, na nosa opinión, é tamén o que fundamenta unha das liñas temáticas esenciais da poesía de Manuel María, isto é, a visión da paisaxe e a interrelación do eu lírico con ela. Esta liña discursiva vai estar presente ao longo dos artigos da sección, moi especialmente nalgúns como “Encol dos ventos galegos” ou “Carballos e castiñeiros”, que comeza: “É un gozo andar os camiños do Outono galego. Pousar os ollos sedentos de luz nas abas dos montes. Sobor de todo nas ribeiras súpetas do Sil, do Bibei, do Lor, do pai Miño ó seu paso por terras chantadinas ou de Os Peares” (Hortas 1990: 91). E remata: “Outro día, se cadra, escribiremos das árbores foráneas, modernas e civilizadas, alleas, coas que tan pouca amizade temos. Tan poucas que case non nos falamos” (Hortas 1990: 92).

A delimitación do espazo simbólico da Galiza ten unha expresión fundamental na descrición das viaxes que se fan por ela (“Viaxe a Carral dos Mártires”, “Viaxe sentimental a Outeiro de Rei”, “Viaxe a Fisterra”, “De Monforte de Lemos deica Coruña pasando por Rivas pequenas”, “Subida ao Faro con parada en Chantada” etc) ou, tamén, nas crónicas das visitas realizadas a moitos lugares, monumentos ou espazos naturais que o narrador considera de especial relevo (“A carballeira de san Xusto”, “Caaveiro”, “Os petos de ánimas”, “O Miño”, “Santa Marta de Ortigueira”, “O reino da Mariña luguesa”). Outras veces, o obxecto de atención son festas, romaxes ou outros espazos que funcionan como lugar de encontro e/ou como referentes da cultura tradicional (“As San Lucas”, “Os magostos”, “As festas dos difuntiños”, “O café *Carabela* de Pontevedra”, “Lembranza e laude de *A Beadense*”), ao tempo que lle permiten introducir a mención da xente que os habita e os seus costumes.

Pódese afirmar, pois, que estes deslacements polo territorio son o medio a través do cal o narrador protagonista vai definindo unha rede de conexións entre lugares, costumes, historia e personaxes que facilitan ao público lector o coñecemento da historia interna da Galiza, isto é, a (re)descuberta dela propia. Este procedemento presenta evidentes similitudes co debuxo de liñas imaxinarias sobre un mapa ou, mellor dito, coa delimitación do propio perfil da nación, no que resulta ser unha estratexia de marcado carácter identitario que segue, no esencial, as liñas ideolóxicas que xa foran definidas no discurso do nacionalismo

de preguerra (pensemos en *Pelerinaxes* ou, por exemplo, na utilización sistemática que o propio Otero Pedrayo fai do motivo do mapa na súa narrativa⁹).

2.2. A (RE)PRESENTACIÓN DOS ELEMENTOS SIMBÓLICOS E MATERIAIS

Son moitos os textos en que se pode detectar como o narrador elabora inventarios, ben da cultura material (“O peto de ánimas de Tuiriz”, “Os cacharreiros, a miña tribu e as súas cancións”, “Santa Baia de Bóveda”, “Viaxe ás Médulas”), ben do patrimonio inmaterial (“Encol da canción popular”, “Encol do Himno galego”, “Os magostos”, “As festas dos difuntiños”, “O lobo no santoral bretón e no galego”, “O liño”, “Os vellos viños de Ribadavia”), nunha liña, tamén, coincidente co propugnado polos sectores que poderíamos definir como *intelligentsia* galeguista.

Despois da ruptura total que supuxo a sublevación militar, primeiro, e a ditadura despois, o re-establecemento destes elementos como referentes propios non era, na altura de 1977-1987, algo estraño. Nuns casos, infravalorados ou embafados por unha pátina de prexuízo e, noutros, directamente descoñecidos por parte de tantos galegos e galegas, para o autor non resulta, de ningún xeito, desnecesario retomar esa liña de representación dos elementos simbólicos da terra, moito máis se se ten en conta que o mundo rural tradicional, a súa forma de vida e sistema de valores están en claro retroceso. Este proceso é visto polo autor, que comparte moitos deses valores, con profunda melancolía e un certo rexeitamento, pois, para el, o mundo rural é un dos elementos configuradores do noso ser colectivo e a súa desaparición (ou esquecemento) constitúe unha perda irreparábel¹⁰. En calquera caso, esta visión, por veces un tanto elexíaca, e a súa defensa do mundo tradicional non deben de ser confundidas con tradicionalismo, tal como se aprecia naqueles textos (“Finximento galego”, “A queimada”), onde a reflexión que se propón ten a ver, xustamente, coa crítica aos estereotipos ou os preconceptos que aínda persisten sobre (ou, mesmo, en moitos casos, entre) as e os naturais da Galiza.

9 En relación con isto véxase Fernández 2003: 144-158.

10 Neste sentido, resultan esclarecedoras as palabras de Manuel María no “Aviso cecais innecesario cecais non” que serven de limiar aos *Sonetos á Casa de Hortas*: “Nestes versos tentamos contar e cantar os traballos e os días dunha casa labrega de bo pasar. Un xeito de vida que desapareceu –e con ela toda unha cultura ancestral– xa antes de morrer o século XX e de estreamos o novo milenio. Cecais alguén coide, despectivamente, que isto é ruralismo. Aló el. Nós sostemos que esta casa e esta vida foron as nosas: elas elixíronnos e non nós a elas. Aceptámolas –vida e casa– humilde e fondamente, E amámolas máis que a nós mesmos” (2014: 6).

2.3. A (RE)PRESENTACIÓN DO GRUPO LETRADO

Ao noso ver, é este un dos núcleos temáticos máis interesantes de “Andando a terra”. Falamos daquel conxunto de artigos que se centra no comentario de actos culturais e/ou políticos a que asiste o narrador; na evocación, nuns casos, de asuntos históricos, noutros, de figuras ou obras relevantes para a cultura galega contemporánea.

Así, ao longo dos textos de Manuel Hortas aparecen múltiples referencias a figuras relevantes da cultura galega: escritores, intelectuais... desde a Idade Media (poetas medievais como Xohán de Requeixo, Fernando Esquío, Fernán Velho, D. Denis ou Pero Meogo), pasando pola Idade Moderna até o mundo contemporáneo (textos ou feitos de Diego A. Cernadas Castro, José Cornide, Lucas Labrada, Francisco Añón, Pondal, Nicomedes Pastor Díaz, Ramón Armada Teixeira, Xan de Forcados, Murguía, Leiras Pulpeiro, Lence Santar, Leandro Carré, entre moitos outros, para alén de, por suposto, Rosalía de Castro).

Manuel Hortas traza, así, un percurso histórico concibido sob unha clara óptica didáctica, na medida en que o narrador asume un claro papel de mediación entre os discursos académicos e a divulgación para un público máis amplo dos temas desenvolvidos. Opera, finalmente, como transmisor de coñecementos sobre literatura, lingua, historia... para un auditorio que, en moitos casos, pouco ou nada coñece de moitos dos temas que alí se expoñen e, sobre todo, actúa como fío condutor do relato histórico e ideolóxico que através deles se establece.

Resultan especialmente significativas as referencias a figuras contemporáneas pois, por este medio, quérese subliñar explicitamente a camaradaxe e a rede de relacións que existen entre as e os protagonistas do mundo cultural. Con este procedemento o que se está a definir aquí é o núcleo simbólico da nación que, neste caso, é practicamente sinónimo de grupo letrado. A consolidación deste resulta vital, non só como elemento lexitimador do nacionalismo, senón tamén como creador de referentes imprescindibles nun país negado, sen conciencia de seu e necesitado de conformar a súa propia “narración” nacional¹¹.

En consecuencia, nese relato han ter un protagonismo especial os artigos que se centran nas persoas que constitúen este grupo letrado, grupo que, como non é de estrañar, semella ser maioritariamente masculino. Para alén de Rosalía ou do xa citado “Don Ramón”, a través dos propios títulos das colaboracións atopamos, entre outros, a “Aquilino, pastor de palabras”, “Florentino Cuevillas”, “Luís Pimentel”, “Lembranza de Carlos Varela Veiga”, “Lembranza de Anxel Xohan”,

11 Esta mesma estratexia é, na nosa opinión, a que funciona como fío condutor do discurso poético en *Informe para axudar a alcender unha cerilla*. Resulta sumamente esclarecedor consultar a relación de persoas ou obras que aparecen recollidas, e comentadas, nas notas finais (Manuel María 1973: 27-30).

“O poeta Díaz Castro e o outono”, “Unha tribu chamada Avilés de Taramancos”, “Fernán Velho e Fernán-Velho”, “Peregrinaxe a Lóuzara con noticias de Fiz Vergara Vilariño” ou Álvaro Cunqueiro en “Os sete contra Tebas”. Sería moi longo citar todos os autores que, por súa vez, se citan ao longo das páxinas d’*A Nosa Terra* mais si é importante indicar o peso que teñen as referencias a actividade cultural, obras ou grupos xeracionais anteriores a 1936 (Risco, Castelao, López Abente, Ramón Cabanillas, Manuel Antonio, Luis Manuel Acuña...), así como a aquelas outras que funcionan como os elos da cadea na posguerra (Sabino Torres e Benito Soto, Carlos Maside, Luis Seoane, Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Ricardo Carvalho Calero, Laxeiro, Isaac Díaz Pardo, Urbano Lugrís, Celso Emilio, Cuña Novás, Luz Pozo Garza ou, tamén, María Casares...), orientadas a consolidar a idea da continuidade histórica do noso sistema cultural e, ao tempo, a (re) asentarse a súa lexitimidade.

Asemade, cómpre ter en conta que ese grupo letrado é moito máis amplo, ao estar integrado, tamén, por todas as outras persoas mencionadas nos artigos como compañeiras e compañeiros de viaxe, participantes nos actos ou na organización de actividades ligadas ao tecido asociativo, nas tertulias ou, mesmo, en conversacións noutro espazo tradicional de socialización como foron as tabernas; en moitos casos, esas persoas entenden a súa función no espazo público como unha tarefa onde se conxugan de modo inseparábel o cultural e o político (é nese sentido como cómpre entender, por exemplo, a lembranza de Moncho Reboiras, fundador do Frente Cultural Galego). Falamos, por tanto, dun grupo letrado que se move orientado por un propósito estético, ético e, á vez, político.

Neste contexto é onde hai que situar, xunto a presenza sempre constante de Saleta Goi, o importante núcleo de referencias a poetas, artistas, estudiosos ou “sabias profesoras”, moitos deles e delas, moito máis novos do que o narrador: Lois Diéguez, Marica Campo, Felipe Senén, Pilar Vázquez Cuesta, Martiño Montero Santalla, Darío Xohán Cabana, Margarita Ledo¹², Carmen Blanco, Claudio Rodríguez Fer, Francisco Rodríguez, Pilar Allegue, Vicente Vázquez Diéguez, Manuel López Foxo, Pepe Barro, Miguel Anxo Fernán-Vello... aparecen nestes artigos. Estes nomes, e moitos máis, permiten deseñar un mapa do universo intelectual galego daqueles anos, un universo que, ao igual que o narrador, non é alleo ás tensións que a vida política galega, en xeral, e o sistema cultural en particular, padecen na altura e que se trasladan aos artigos (“No centenario do pasamento de Rosalía”, “O rito das conmemoracións” ou “Viaxe a Bonaval”, sobre a traída dos restos de Castelao).

12 Resulta moi pertinente lembrar aquí como a propia Margarita Ledo valora a importancia que Manuel María tivo para a súa xeración, non só pola súa función de editor, senón tamén pola capacidade e vontade de os vencilar a un proxecto colectivo (Ledo 2009: 127).

A modo de síntese, o que na nosa opinión resulta máis novidoso nestes textos é que con este discurso Manuel Hortas-Manuel María configura un espazo público que busca, en último termo, lexitimar o nacionalismo e a súa vontade por se converter na forma hexemónica nacional.

2.4. A (RE)PRESENTACIÓN DE ELEMENTOS EXTERNOS

Ao longo das entregas de “Andando a Terra”, é frecuente a incorporación de referencias a percursos por fóra da Galiza, quer físicos, quer intelectuais. Nesta liña, son moitos os artigos que describen espazos visitados en viaxes¹³ (“O lago”, referido ao de Bourget, Suíza; “A pedra das Fadas”, Saboia; “A Provenza”, “Romería en Amarante”, “Florenxia”, “Roma”, “Lembranza dun viaxe a Bretaña”), ao tempo que noutros, a partir da mención de publicacións ou de artistas (San Martinho de Antas e os *Poemas ibéricos* de Miguel Torga, Francis Jammes, Rubén Darío, Federico García Lorca, Ezra Pound...), prima a evocación dos espazos coñecidos a través das lecturas, mais, dalgún modo, presentes sempre na memoria do narrador. En calquera caso, todos estes lugares funcionan como o punto de partida da súa reflexión que, case sempre, remata nalgún comentario relacionado co mundo galego.

Son, tamén, habituais neste conxunto de textos as referencias a escritores, como ao poeta vasco Gabriel Aresti, ao catalán Salvador Espriu, ao bretón Paol Keineg ou a autores portugueses Teixeira de Pascoas, Gualter Póvoas, João Verde, Mário Cesariny ou Miguel Torga, entre outros, complementadas con outras moitas alusións a espazo cultural galego-portugués (“Noticia de 4 Ventos, revista lusíada”, “O cantor de Águeda”).

Neste sentido, resulta obrigado insistir en que a presenza destoutro grupo letrado responde a presupostos que teñen moito a ver coa estratexia identitaria que sustenta a creación do grupo letrado galego, e de que xa se falou. Estas persoas, lugares ou obras funcionan como referentes de identificación, xa que, sobre todo nos casos de literaturas que se expresan en linguas non oficiais, a súa integración no universo construído polo narrador permite reafirmar perante o público lector o discurso identitario dunha literatura nacional, aínda con necesidade de consolidar certos ámbitos fronte á presión do sistema cultural español. Ao tempo, opera tamén un certo discurso lexitimador, ao se presentar o noso sistema literario nun diálogo, en pé de igualdade, con representantes doutros sistemas xa plenamente recoñecidos.

13 Véxase o relato que das propias viaxes fai Manuel María (Caño 2016: 112-118); sobre todo, as referencias ás viaxes aos locais da emigración, tanto de América como, en especial, aos Centros Galegos centroeuropeos (Caño 2016: 115). Tamén López 2005 e Queixas 2016: 138-139.

Manuel Hortas Vilanova-Manuel María, viaxa desde a Terra Chá a outras terras, outras letras... para regresar ao seu Outeiro natal, á casa de Hortas, ao seu centro do mundo e, ao igual que as personaxes oterianas, proxectar desde o espazo nativo o seu compromiso activo coa Galiza, entendido sempre como tarefa colectiva. Na mesma liña da reflexión de Adrián Solovio: “Foise dando conta de non ser el só na Galicia: unha falanxe dispersa na aparencia, unánime na arela traballaba en diferentes Terras de Galicia” (Otero 1985: 185), el tamén vai compartir o seu labor, sobre todo, con aquel grupo letrado de que xa se falou. Máis unha vez, constatamos como existe unha clara conexión entre estes dous escritores, xa non relacionada co seu contacto persoal, senón xustificada a través dos textos; en concreto, podemos observar como o modelo de discurso identitario formulado por Ramón Otero Pedrayo reaparece na obra de Manuel María aínda que, agora, reescrito baixo outras claves ideolóxicas. Son estas as que lle permiten deseñar un outro mapa da Galiza, un mapa complexo que reúne descrición do territorio, do patrimonio material e inmaterial, así como das súas xentes, mais que agora é actualizado a partir dunha reflexión asentada no materialismo marxista e nos discursos anticoloniais. Isto configura un espazo simbólico novo, carregado de significados diferentes, igualmente identitarios mais tamén fundamentalmente ligados a unha visión que se proclama esencialmente popular.

Para concluírmos, as achegas xornalísticas de Manuel María en “Andando a Terra” son un microcosmos onde se pode observar con claridade a liña ideolóxica que, a modo de eixo central, organiza o pensamento do autor, e que non é outro que a afirmación de Galiza como nación. Este discurso, concibido como un contributo imprescindible nun país negado, sen conciencia dos referentes de seu e, por tanto, necesitado de se dotar dos instrumentos precisos para conformar a súa propia narración nacional, está presente ao longo de toda a súa produción literaria, desde as colaboracións xornalísticas á creación narrativa ou á teatral, desde as pezas ensaísticas á importantísima construción poética que constitúe o cerne da súa produción artística.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Blanco Torrado, Alfonso (2009): “A amizade en Manuel María”, en Pilar García Negro e Diego Pardo Amado (eds.), *Manuel María: Literatura e Nación. Actas do Congreso (A Coruña, 3-5 de Novembro de 2005)*. A Coruña: Universidade, 59-74.
- Caño, Xosé M^a del (2016): *Conversas con Manuel María*. Vigo: Nova Galicia Edicións.

- Eiré, Alfonso (1995): “Andando A Nosa Terra co Manuel. O autor da Terra Chá é un dos fundadores do periódico”, *A Nosa Terra* 692, 27.
- Fernández Pérez-Sanjulián, Carme (2003): *A construción nacional no discurso literario de Ramón Otero Pedrayo*. Vigo: A Nosa Terra.
- (2016): “Andando a Terra con Manuel María”, en Luís Cochón e Luís Alonso Girgado (eds.), *Manuel María. Cecais hai unha luz. Memorabilia*. Cader nos Ramón Piñeiro XXXV. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 51-59.
- Gómez Torres, Camilo (2003): *Bibliografía de Manuel María*. Lugo: Casa-Museo Manuel María.
- Hortas Vilanova, Manuel [Manuel María] (1990): *Andando a Terra 1977-1987*. Vigo: A Nosa Terra. Ed. de Pilar García Negro e Miguel Mato Fondo.
- Ledo, Margarita (2009): “Ollar o real: Manuel María nos xornais”, en Pilar García Negro e Diego Pardo Amado (eds.), *Manuel María: Literatura e Nación. Actas do Congreso (A Coruña, 3-5 de Novembro de 2005)*. A Coruña: Universidade, 123-131.
- López Gómez, Felipe-Senén (2005): *Andando a Terra con Manuel María*. A Coruña: AELG / AS-PG / CIG / A Mesa/Deputación da Coruña/Xunta de Galicia.
- Manuel María (1973): *Informe para axudar a alcender unha cerilla*. Montevideo: Patronato da Cultura Galega.
- (2001): *Obra poética completa II (1981-2000)*. A Coruña: Espiral Maior.
- (2014 [1997]): *Sonetos á casa de Hortas*. A Coruña: Fundación Manuel María
- (2015): *Memoria da Terra. Prosa xornalística escollida* A Coruña: Casa-Museo Manuel María. Ed. de Xosé Manuel Pérez Álvarez e Fran Rei García.
- (2016 [1985]): *Ritual para unha tribo capital de concello*. A Coruña: Fundación Manuel María.
- Mato Fondo, Miguel (2009): “O traballo xornalístico de Manuel María: xornalismo e poesía”, en Pilar García Negro e Diego Pardo Amado (eds.), *Manuel María: Literatura e Nación. Actas do Congreso (A Coruña, 3-5 de Novembro de 2005)*. A Coruña: Universidade, 133-143.
- Otero Pedrayo, Ramón (1985 [1930]): *Arredor de si*. Vigo: Galaxia.
- Queixas, Mercedes (2016): *Labrego con algo de poeta: biografía de Manuel María*. Vigo: Galaxia.